


## INSTRUCCIÓN PARA O EMPREGO DOS MARCOS OFICIAIS PARA A DISTRIBUCIÓN DE FOLLAS DO SISTEMA XEOGRÁFICO DE REFERENCIA

As Normas técnicas de planeamento de Galicia regulan no seu artigo 6 que a documentación gráfica dos documentos de planeamento elaborárase mediante o emprego de sistemas de información xeográfica (SIX).

No proceso de elaboración desta documentación, de ser precisa a división dos planos en follas de cartografía a escala 1:10 000 e 1:5 000 para a súa elaboración e presentación, esta división realizarase en follas de tamaño A1 segundo os marcos oficiais para a distribución de follas do sistema xeográfico de referencia.

Indícanse a continuación os principais pasos a seguir para obter e empregar estes marcos oficiais a través das aplicacións e infraestruturas de datos espaciais propiedade da Xunta de Galicia:

- Os marcos oficiais para a distribución de follas do sistema xeográfico de referencia están dispoñibles para a súa descarga na web <https://mapas.xunta.es/visores/basico/> accedendo na selección de capas ao apartado de cuadrículas xeográficas e descargando a cartografía da capa de marcos cartográficos.



- Dentro da carpeta comprimida de marcos cartográficos descargada no paso anterior, atópase o arquivo vectorial en soporte (.shp) nomeado como "MARCOS\_CARTOGRAFICOS\_A" que contén os marcos para as escalas 1:50 000, 1:25 000, 1:10 000 e 1:5 000. Os marcos específicos de cada escala pódense seleccionar na súa táboa de atributos a través do campo "ESCALA" do seu modelo de datos. Os valores do dominio correspondentes a cada unha destas escalas son 50, 25, 10 e 5. De igual xeito, pódese traballar cos marcos da totalidade de Galicia ou ben seleccionar os marcos correspondentes a cada concello seleccionando polo atributo "NOMBRE".